

BIEITO PÉREZ OUTEIRIÑO

Yzquierdo Peiró, Ramón, *Los tesoros de la catedral de Santiago*, Teófilo Edicións, Consorcio de Santiago, Fundación Catedral de Santiago, Santiago de Compostela, 2017, 496 páxs.

Tanto o propio título como a luxosa presentación deste libro, poderían levarnos a pensar que estamos diante dunha desas publicacións chamada ao lucimento estético ou editorial en detrimento dun contido serio e científico. A importancia e a categoría dos bens culturais aos que se refire, poderían, polo seu aspecto *atractivo* e pola súa calidade innegable, apoiar tal idea. Por fortuna, non é este o caso que nos ocupa e, aínda que a obra non está ausente de certas concesións editoriais, evidéncianse anos de investigación que avalan a valía do traballo publicado.

Abonde con indicar que este libro ten como base os capítulos centrais da tese de doutoramento que, co título *Las colecciones de arte de la catedral de Santiago: estudio museológico*, e baixo a dirección do Prof. José Manuel García Iglesias, defendeu o autor na USC no ano 2015. Pero a dedicación de Ramón Yzquierdo Peiró ao estudo dos fondos catedralicios remóntase, cando menos, a unha década anterior. Iniciou entón unha actividade continuada de estudo, investigación e publicación dun inmenso conxunto de fondos, contribuíndo moi activamente a dar a coñecer entre especialistas e entre o público en xeral información moi valiosa para a recomposición histórica da basílica e, polo tanto, da propia cidade compostelá, e como non, do fenómeno da peregrinación xacobeá. É o autor deste libro un dos mellores coñecedores da colección e dos segredos que agocha cada unha das pezas que a constitúen. Desde hai case unha década ostenta a dirección técnica do Museo da Catedral.

Contén esta publicación aqueles aspectos máis directamente relacionados cos bens culturais de natureza artística que constitúen a colección catedralicia custodiada de xeito maioritario no Museo da Catedral, un amplo conxunto de espazos que acollen a exposición permanente, áreas de reserva e áreas de servizos. Logo dunha pequena introdución, precedida do prólogo realizado por Daniel C. Lorenzo, director xeral da Fundación Catedral de Santiago, aborda un capítulo sobre o conxunto da colección (coleccións) da catedral tratando aspectos da súa formación, clasificación, o papel do museo así como os diferentes espazos polos que esta se distribúe que xa de seu dispoñen de innegables valores museográficos.

A tipoloxía dos distintos bens culturais é o que serve ao autor para organizar o groso do traballo e dá lugar a cadanseu bloque ou capítulo no que estrutura a obra: arqueoloxía, epigrafía e numismática; escultura e

elementos arquitectónicos; pintura; tapices; ourivería e artes decorativas; artes téxtiles. Cada un deles subdivídese á súa vez para acoller de xeito máis acaído o amplo e variado repertorio dos diferentes bens obxecto de estudo.

Deste xeito, un total de 250 fichas catalográficas recollen aquelas pezas ou conxuntos máis significativos da riquísima colección catedralicia, incluídos os últimos achados de escultura mateanas. Onda os datos de identificación técnico administrativa, figura unha sintética información sobre a historia da peza, descrición formal e tipolóxica, contextualización, etcétera, achegando, en cada caso, unha precisa referencia bibliográfica. Non falta tampouco a presenza de material gráfico. Unha ou varias imaxes, de alta calidade na maioría dos casos, axuda a completar a información descritiva e facilita a identificación do ben de que se trata.

Conclúe a publicación cun capítulo que recolle un exhaustivo repertorio bibliográfico ordenado alfabeticamente por autor e que resulta de grande utilidade para podermonos achegar ao estudo do patrimonio museográfico catedralicio.

A colección conservada hoxe en día na catedral de Santiago de Compostela é, sen lugar a dúbidas, e malia os avatares históricos polos que pasou, un dos conxuntos máis singulares e valiosos que conserva o país. Non debemos cinguirnos de xeito exclusivo ao patrimonio artístico de natureza moble. Ademais do arquitectónico, apreciable pola grande monumentalidade que desprega, o conxunto catedralicio custodia uns fondos documentais e bibliográficos únicos así como un patrimonio inmaterial, non sempre suficientemente valorado e apreciado. Pero a todo iso é preciso sumar un gran valor engadido, consubstancial cos propios bens, que é o da contextualización ou esa relación directa que o proceso de formación da colección mantivo sempre coa institución ao redor da que se xerou e que a segue a custodiar na actualidade.

Estamos ante un conxunto de bens culturais que na súa grande maioría se foi xerando, ao longo de doce séculos, por mor da existencia do santuario apostólico e da peregrinación que xurdiu ao seu arredor. Trátase dunha singular colección con bens de tipo e natureza diversa, que gardan a memoria da relación do ser humano co sentimento máis transcendental, desde os momentos iniciais do culto ao apóstolo Santiago ata a actualidade. O interese deste conxunto non se circunscribe de xeito exclusivo a un ámbito local pois transcende os seus límites para acadar unha relevancia «transnacional», marcada tanto pola procedencia dalgúns dos obxectos, como pola repercusión doutros e, sobre todo, pola difusión e amplitude acadadas por unha peregrinación que orixinaría importantes intercambios de bens materiais e inmateriais en ambos os dous sentidos do Camiño.

Ao longo das case 500 páxinas, o estudoso, pero tamén o lector aficionado, pode atopar toda aquela información de utilidade para disipar moitas lagoas e ampliar o coñecemento sobre un tan vasto período da historia de Santiago. O formato elixido, así como o deseño e a maquetación da obra, facilitan a lectura e/ou consulta da información recompilada. Estes son aspectos que os museos deben coidar tal vez máis que outros centros pois, a finalidade última da institución museística é a de transmitir coñecemento e, por esta razón, ha de facelo da maneira máis didáctica posible procurando chegar ao maior número de cidadáns e facelo dun xeito pracenteiro e cómodo.

Esta obra non deixa de ser un verdadeiro luxo no panorama actual no que os recursos económicos esvaecen e o escenario no que se desenvolven os museos non acostuma a ser o máis idóneo para a produción de obras deste tipo. Hai que sinalar que desde hai algúns anos a maioría da difusión das coleccións museísticas españolas se vén realizando a través da Rede. Ao respecto a *Red Digital de Colecciones de España* (CER.ES Colecciones en Red) ofrece na unha boa oportunidade ao recoller centos de miles de bens culturais e as súas imaxes pertencentes a máis de 110 museos españois de tipoloxías e titularidades do máis diverso. A relación que CER.ES mantén coa biblioteca dixital europea *Europeana*, contribúe á universalización da difusión destes bens culturais.

Pero sexa cal for o soporte escollido para trasladar o coñecemento do noso patrimonio cultural conservado nas institucións da memoria (arquivos, bibliotecas e museos), o fundamental é que estes centros teñan como prioridade básica a de achegar a sociedade ao coñecemento dos contidos temáticos (caso dos museos) e fondos custodiados (nos tres casos). E neste apartado é fundamental o desenvolvemento de programas de investigación por parte do persoal técnico sempre encamiñados a cumprir coa misión que cada centro ten encomendada. Por ese motivo, os técnicos dos museos non deben esquecer que o seu traballo non redunda en beneficio propio, senón que o fai a favor dos demais e por iso se lles aplica aquel famoso hemistiquio atribuído a Virxilio e que reza: «Sic vos non bovis...».

Así pois, a obra que nestas liñas se comenta, produto do traballo investigador dun profesional dos museos, non conta soamente co interese inmediato de reunir un importantísimo conxunto de bens culturais convenientemente inventariados e catalogados, senón que hai que valoralo tamén, e sobre todo, como unha obra de referencia para futuras investigacións.